



Resolución do 16 de maio de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública de convocatoria á elección de posto no proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local (PR461A)

De conformidade co establecido na base 9 da Orde do 25 de febreiro de 2025 (DOG núm. 41, do 25 de febreiro de 2025)

RESOLVO:

Primeiro.: Convocar as persoas aprobadas de acordo co anexo I da resolución final do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, publicada na páxina web da Agasp, á reunión presencial para elixir posto por rigorosa orde da puntuación obtida neste proceso selectivo que terá lugar o día **20 de maio de 2025 ás 11.00 horas** no salón de actos da Agasp.

Segundo.: As persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representante á reunión presencial para elixir posto ou renuncien expresamente, antes ou despois da elección, decaerán en calquera dereito en relación co proceso.

Nos supostos de non comparecer á reunión por causa de forza maior, debidamente acreditada e comunicada pola persoa aspirante con anterioridade á reunión, a elección efectuarase telefonicamente no mesmo acto e no posto que corresponda segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, para cuxo efecto a persoa aspirante deberá designar o número de teléfono onde será localizada. En caso de incumprimento, decaerá no seu dereito.





As persoas aprobadas que comparezan na reunión, pero non acepten ou non elixan ningún dos postos obxecto da convocatoria que lles corresponda elixir, decaerán no seu dereito e pasarán a formar parte da listaxe de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local no lugar que proceda pola súa puntuación.

Unha vez asignados os postos de acordo co previsto nesta base, esta Dirección Xeral publicará na páxina web da Agasp a relación co nome das persoas ás cales foron adxudicados e comunicará os datos destas aos concellos que correspondan, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso de formación.

A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación dos postos, as persoas ás cales se lles adxudicaron dispoñerán dun prazo de 2 días para a súa presentación ante o concello correspondente, que lle indicará os prazos para a súa contratación.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior, non se presenten ante o concello ou do exame da súa documentación se deduza que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser contratadas como auxiliares de policía local e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude inicial.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para a contratación, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida a contratación dunha persoa aspirante como auxiliar de policía local, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na listaxe de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso de formación.





Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Estrada, 16 de maio de 2025

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

